

# **MANIFESTO CIDADÁ VIGO pro PALESTINA**

## **MANIFESTACIÓN UNITARIA**

**11 de XUÑO de 2025**

### **PREÁMBULO**

Os convocantes da manifestación cidadá Vigo pro Palestina, constituída polas organización políticas, sindicais e entidades cívicas da nosa cidade e bisbarra, citadas ao final do manifesto<sup>1</sup>, consideran que:

- Desde 1948, tras a Nakba (catástrofe), cando máis de 700.0000 foron expulsados á forza dos seus fogares e convertéronse en refuxiados, o pobo palestino vén sufrindo o asedio dunha potencia ocupante que viola o dereito internacional, co continuo ataque do exército israelí á vida e dereitos fundamentais da poboación civil, dos cooperadores internacionais e dos periodistas. Esta anormalidade non pode ser xustificada baixo a inasumible escusa do dereito á lexítima defensa, pois non se corresponde coas condicións que para iso esixe o Dereito, particularmente o requisito de necesidade e proporcionalidade. Os datos así o evidencian: superados os 54.000 mortos, dos cales máis do 70% son nenos e mulleres, preto de 125.000 feridos e provocado ao redor de 2 millóns de desprazados (datos do Ministerio de Sanidade gazatí ata o 3 xuño de 2025).
- Esta atrocidade incrementouse co aumento da escalada militar na zona por parte do exercito israelí. Aos ataques en Gaza e Cixordania, súmase a invasión do sur do Líbano, país soberano, que está a provocar milleiros de mortos e feridos, e máis dun millón de desprazados internos. Así, tamén, as agresións a Siria e a tensión bélica con Irán e Iemen, ameazando a paz na rexión e máis aló.
- Esta dramática actualidade non sería posible sen a inacción e a conivencia de moitos gobernos que prefiren manter as súas relacións xeoestratéxicas e comerciais con Israel e, ao mesmo tempo, da inoperancia da comunidade internacional na resolución da cuestión Palestina (ONU e UE, entre elas) que dá pé á impunidade de Israel. A elección do novo presidente dos USA empeorou , aínda máis, esta trágica situación.
- Así mesmo, no seu informe (marzo, 2024), a relatora especial da ONU para os dereitos humanos nos territorios palestinos ocupados considera que é necesario impoñer sancións a Israel e suspender relacións económicas, diplomáticas, políticas e militares co país a fin de acabar coa ocupación e o que cualifica de xenocidio en Gaza.
- Aínda así, ou goberno de España encobre cunha lei franquista o comercio de armas co estado de Israel baixo a protección da Lei de Segredos Oficiais (en vigor desde 1968). Os acordos entre ambos os países (formalizados en 2014) continúan no medio do silencio oficial, xerando serias dúbidas sobre o papel de España no conflito.

De conformidade con estas consideracións, as organizacións e colectivos asinantes expresan a súa solidariedade co pobo palestino e manifestan que:

## MANIFIESTO

- Condenan explicitamente a violencia contra as persoas polas súas ideas políticas, relixión ou orixe étnica, por razón de sexo ou orientación sexual.
- Apoian a xusta causa do pobo palestino pola súa libre autodeterminación e o regreso dos refuxiados, tal e como reconece Nacións Unidas.
- Súmanse á petición de alto o fogo inmediato, que o goberno de Israel deteña os seus criminais ataques, habilite eficaces corredores de axuda humanitaria con garantías internacionais e poña fin ao xenocidio do pobo palestino.
- Únense a esixencia de que Israel cumpra coas Resolucións da ONU e atenda ao ditame da Corte Internacional de Xustiza polas súas constantes violacións dos dereitos humanos e cumpra, tamén, as súas obrigacións conforme á Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio.
- Apoian aos países que xa presentaron (Sudáfrica), ou presenten no futuro, demandas ante os tribunais internacionais de xustiza contra o Estado de Israel e os seus representantes por someter a un réxime de apartheid e cometer crimes de guerra e crimes de lesa humanidade contra a poboación de Gaza e Cisjordania.
- Demandan que o goberno de España rompa as súas relacións diplomáticas e comerciais, e deteña a compravenda de armas con Israel.
- Solicitan que se suspenda o Acordo de Asociación UE-Israel (1995) por non se cumpriren as súas cláusulas no que atinxe ao respecto dos Dereitos Humanos.
- Denuncian a falta de transparencia dos acordos militares entre España e Israel, un Estado cun historial de ocupación e vulneración de dereitos nos Territorios Ocupados.
- Rexeitan calquera forma de cooperación e comercio con entidades e institucións israelís (empresas, universidades...) que practiquen o apartheid, sexan coniventes co xenocidio ou contribúan ás estratexias israelís de expansión, colonización, anexión, espolio de recursos e modificación demográfica do territorio palestino ocupado, por ser estas prácticas contrarias ao Dereito Internacional e ao respecto dos Dereitos Humanos. Ao mesmo tempo, solicitan dos poderes públicos que asuman e defendan esta posición e do Concello de Vigo que cumpra o acordo do Pleno de non comerciar co Estado de Israel.

Defender hoxe ó pobo palestino é defender a paz e a liberdade en todo o mundo!

---

<sup>1</sup> Comisión Cidadá pro Palestina, CC.OO., UGT, Esquerda Unida, Podemos, Movemento Sumar Galicia, Recortes Cero, Alianza Verde, CIG, CUT, BNG, CGT, BDS, Amnistía Internacional, Asociación Cidadá Fernando Hoyos, Amigas da Terra, Parroquia Cristo da Vitoria, Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, Foro Cívico, Colectivo Cultural Pertenza, Diem25, Un Mundo sen Guerras e sen Violencia, MODEPEN, Foro Socioeducativo Os Ninguéns, Verdes-Equo, Ollo do Furacán, Colectivo Rexurdir, Blog Distopías 18, Ecoloxistas Galiza Atlántica e Verde, FAVEC, STGA, FOANPAS, Oxfan-Intermon, Sindicato

de Inquilinas, Ateneo Atlántico, AMORADA, Asociación de Veciños do Calvario, Lucenza-Ateneo de Nigrán, Colectivo veciñal O Val Miñor apoia Palestina/Dereito a Morte Digna/Xustiza e Sociedade/EMAÚS